

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS DE VALORES E VALORES  
CÍVICOS E ÉTICOS NA ETAPA DA ESO (2º,3º E 4º):**

**1. VALORES ÉTICOS 2º DA ESO:**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: 1. Probas obxectivas	60 %	Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos da materia. [As incorreccións gramaticais e ortográficas descontarán puntuación.]
2. Presentacións e traballos específicos	15 %	Farase, como mínimo, un traballo para presentar na aula por trimestre.
3. Lecturas	10 %	O alumnado debe ler unha obra ou textos recomendados e ligalos coa materia. Entregarase unha ficha de lectura e farase, se necesario, unha proba oral. [Co fin de fomentar a lectura, poderanse facer lecturas voluntarias, que serán valoradas positivamente: outorgarase ata 0'50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación.]
4. Intervencións voluntarias, resolución de exercicios, traballos.	15 %	Valorarase a participación na aula: a atención ás explicacións; a realización adecuada das tarefas encomendadas, a intervención activa na resolución de exercicios

**CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL, RECUPERACIÓN E CONVOCATORIAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA NA ESO**

- A nota de cada unha das tres avaliacións será a suma de todas as porcentaxes anteriores.
- No caso de que un alumno/a non supere a proba escrita e a cualificación da avaliación non se vise compensada cos outros instrumentos de avaliación, poderá facer unha proba de recuperación. Para dar a avaliación por recuperada, debe acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos. Esta nova cualificación é a que se terá en conta para calcular a nota media na convocatoria ordinaria. Se non conseguise recuperar a materia pero si superar a nota obtida na avaliación ordinaria, terase en conta a nota máis alta para calcular a media dos tres trimestres a final de curso.
- A cualificación final da convocatoria ordinaria obtense da media das tres avaliacións. Considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos.

Na convocatoria extraordinaria realizarase unha única proba escrita sobre os contidos traballados durante o curso. Esta proba apróbese cun mínimo de 5 puntos.

## 2. VALORES CÍVICOS E ÉTICOS 3º ESO

### AVALIACIÓN:

Inicial: A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

A tal fin realizarei en primeiro lugar unha análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, mediante o diálogo nos primeiros días de aulas acadaremos un coñecemento xeral da situación emocional do alumnado e, finalmente, a través dunha prova escrita coñeceremos cal é o seu grado de consecución das habilidades, coñecementos e procedementos elementais para a materia

Continua: levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

✓ Actividades conceptuais. Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.

✓ Actividades de comentario de texto. Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.

✓ Actividades de síntese. Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.

✓ Actividades de razoamento e argumentación. Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

Final: A nota final do alumnado responde a seguinte proporción

A. Entrega do porfolio/libreta do alumnado: 50%

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica, expresións de madurez persoal; valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

✓ A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.

✓ Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contra-argumentos nos debates ou resolución de dilemas.

✓ Desenvolvemento das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.

✓ Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.

✓ Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

B. Traballo na aula e participación activa: 50%

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN: ordinaria e extraordinaria

Ordinaria: O alumnado poderá entregar o porfolio completo na primeira semana da seguinte avaliación. Debera entregar correctamente realizadas e con boa presentación as actividades da aula.

Extraordinaria: A avaliación extraordinaria constará da entrega do porfolio por parte do alumnado coas actividades realizadas durante todo o curso. Ademais a docente poderá seleccionar algunha das actividades do porfolio para que a repetician na hora da sesión de recuperación extraordinaria.

### 3. VALORES ÉTICOS 4º ESO:

#### AVALIACIÓN

Inicial: A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar e comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

A tal fin realizarei en primeiro lugar unha análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, mediante o diálogo nos primeiros días de aulas acadaremos un coñecemento xeral da situación emocional do alumnado e, finalmente, a través dunha prova escrita coñeceremos cal é o seu grado de consecución das habilidades, coñecementos e procedementos elementais para a materia

Continua: levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

✓ Actividades conceptuais. Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.

✓ Actividades de comentario de texto. Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.

✓ Actividades de síntese. Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.

✓ Actividades de razoamento e argumentación. Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

Final: A nota final do alumnado responde a seguinte proporción

C. Entrega do porfolio/libreta do alumnado: 50%

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica, expresións de madurez persoal; valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

✓ A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.

✓ Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contra-argumentos nos debates ou resolución de dilemas.

✓ Desenvolvemento das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.

✓ Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.

✓ Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

D. Traballo na aula e participación activa: 50%

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN: ordinaria e extraordinaria

Ordinaria: O alumnado poderá entregar o porfolio completo na primeira semana da seguinte avaliación. Debera entregar correctamente realizadas e con boa presentación as actividades da aula.

Extraordinaria: A avaliación extraordinaria constará da entrega do porfolio por parte do alumnado coas actividades realizadas durante todo o curso. Ademais a docente poderá seleccionar algunha das actividades do porfolio para que a repetician na hora da sesión de recuperación extraordinaria.